

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E A ASOCIACIÓN CLÚSTER EMPRESARIAL DE TURISMO DE GALICIA (CTG) PARA A PROMOCIÓN E MELLORA DA COMERCIALIZACIÓN DE GALICIA COMO DESTINO TURÍSTICO.**

Santiago de Compostela,

**REUNIDOS**

Dunha parte, D. José Manuel Merelles Remy, director da Axencia de Turismo de Galicia, en virtude do nomeamento efectuado polo Decreto 75/2024, do 22 de abril (DOG núm. 81, do 24 de abril), e conforme ás facultades que lle confire o apartado dous da disposición adicional segunda do Decreto 135/2024, do 20 de maio, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia (DOG núm. 101, do 27 de maio), que desconcentra na titular da Dirección da Axencia a competencia para subscribir convenios de colaboración no seu respectivo ámbito competencial, de acordo co previsto no artigo 15.2.c) dos estatutos da Axencia de Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro (DOG núm. 193, do 9 de outubro).

Doutra parte, D. Cesáreo González Pardal, en calidade de Presidente da Asociación Clúster Empresarial de Turismo de Galicia (en adiante, CTG), con domicilio no Edificio Centro Emprendemento (Coworking) da Cidade da Cultura de Galicia, Monte Gaiás, s/n 15707, Santiago de Compostela (A Coruña), elixido para o devandito cargo por elección realizada no seo da Asemblea Xeral Extraordinaria do CTG, de 20 de decembro de 2022, e actuando en virtude das facultades que lle outorga o artigo 19 dos estatutos da entidade, inscrita no Rexistro Central de Asociacións da Xunta de Galicia con número 2013/017785 Sección 1.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas e,

**EXPOÑEN**

- I. Que a Axencia de Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9 do Decreto 196/2012, do 27 de setembro polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia, é o órgano da Xunta de



Galicia ao que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de fomento e competitividade do turismo.

Nestes últimos anos, a existencia dun convenio de colaboración para a Promoción e mellora da comercialización formalizado entre Turismo de Galicia e o Clúster de Turismo de Galicia, permitiu aliñar estratexias e esforzos tanto dende o punto de vista privado coma público, o que favoreceu a abordaxe de determinados mercados tanto nacionais como internacionais, a elaboración de actividades e propostas que faciliten a mellora na comercialización, e a creación e consolidación de produto turístico. Ambas entidades consideran necesario seguir cos esforzos conxuntos para levar a cabo accións orientadas á promoción e á mellora da comercialización de Galicia como destino turístico, favorecendo a expansión cara novos mercados.

- II. Que a asociación sen ánimo de lucro CTG, constituída o 20 de xuño de 2013, é a **única entidade en Galicia que agrupa e representa a toda a cadea de valor do sector turístico de Galicia**, cuxa finalidade é a representación, defensa e difusión dos intereses comúns dos seus membros, o fomento das actividades principais ou nucleares da cadea de valor do turismo (actividades de apoio, actividades centradas no subministro e actividades centradas no equipamento) así como o incremento da competitividade do sector turístico para o cal realizará cantas accións estime necesarias, promovendo e impulsando a interacción dos distintos axentes co fin de dinamizar e fomentar as relacións entre eles, proporcionando unha plataforma de encontro axeitada para poder cumprilo reto de desenvolver o sector do turismo en Galicia.
- III. O encadramento deste convenio na Estratexia de Turismo de Galicia 2030 é múltiple e cada unha das accións ten unha vinculación directa tanto nas 8 misións definidas na estratexia, como nas 64 medidas que se derivan das citadas misións. A continuación indicamos como as actividades do convenio apuntan, cando menos, ás seguintes misións e accións operativas da propia Estratexia de Turismo de Galicia 2030:

Vinculación coa Misión 1. Galicia Destino auténtico e diferencial. Nesta liña atópanse as medidas que fan de Galicia un destino diferente e único, xa que se refiren a aqueles atributos que permiten afirmar a autenticidade e os sinais de identidade que converten a experiencia



turística en Galicia diferente a outros destinos. Son valores e atributos cos que se pode xogar para establecer estratexias de promoción diferenciadas e que precisamente no Eixo 3 do presente convenio (Instrumentos de apoio para a promoción e mellora da comercialización) poderanse atopar actuacións que axuden a potenciar esta primeira Misión da Estratexia.

A Misión 3. Promoción, Comercialización, Desestacionalización e Internacionalización, é a que ten un encaixe máis directo e inmediato coas actuacións definidas no marco deste convenio, especialmente no derivado nos eixos 1 (Mellora na comercialización e promoción do turismo nacional e de proximidade) e 2 (Mellora na comercialización e promoción do turismo internacional). Concretamente existe unha relación directa entre as accións operativas:

3.2 Excelencia na promoción turística, xa que parte das actividades e instrumentos de apoio que se executarán no presente convenio e teñen que ver coa promoción turística, procurando a integración e a complementariedade coa estratexia de difusión e promoción turística de Galicia.

3.3 Eventos e estratexias desestacionalizadoras, debido a que boa parte das actividades orientadas a mellorar a comercialización turística tratarán precisamente de lograr unha mellor distribución das vendas, potenciando momentos e épocas cunha menor afluencia turística en Galicia.

3.4 Estratexias en mercados exteriores, especialmente no vinculado ao Eixo 2 do convenio que se orienta esencialmente cara a mercados estranxeiros.

O espírito das accións mantén tamén unha vinculación clara e directa coa Misión 4. Rendibilidade empresarial e competitividade, xa que as accións oriéntanse esencialmente a operadores privados que son os que comercializan, venden e prestan os servizos turísticos. Dunha forma mais concreta, existe un vínculo directo coa medida 4.5 Rede de apoio activa no exterior, posto que é necesaria unha coordinación para abordar mercados que permitan un maior retorno económico e social para a nosa comunidade.

A formalización dun convenio é en si mesma unha práctica que se integra directamente na Misión 6. Gobernanza do destino, no sentido de formalizar unha colaboración e participación



do sector privado para conseguir os fins definidos na Estratexia. Adicionalmente tamén se pode considerar na Misión 7: Intelixencia turística e transformación dixital, especialmente na acción operativa 7.8 Mellora na comercialización dixital.

- IV.** As actividades a realizar no marco deste convenio concrétnanse en 4 grandes eixos que a súa vez desagreganse en accións:

#### Eixo 1. MELLORA NA COMERCIALIZACIÓN E PROMOCIÓN DO TURISMO NACIONAL E DE PROXIMIDADE

1.1 Participación en feiras, congresos e eventos cunha orientación marcadamente promocional de carácter nacional, autonómico ou local. Organización de viaxes de promoción.

1.2 Participación en actividades, reunións e encontros técnicos cun enfoque orientado a mellora da comercialización. Elaboración de análises, estudos e desenvolvemento de accións que permitan mellorar a comercialización turística. Organización de viaxes de familiarización cara a canais de venda ou workshops.

#### Eixo 2. MELLORA NA COMERCIALIZACIÓN E PROMOCIÓN DO TURISMO INTERNACIONAL

2.1 Participación en feiras, congresos e eventos cunha orientación marcadamente promocional de carácter internacional. Organización de viaxes de promoción.

2.2 Participación en actividades, reunións e encontros técnicos cun enfoque orientado a mellora da comercialización. Elaboración de análises, estudos e desenvolvemento de accións que permitan mellorar a comercialización turística. Organización de viaxes de familiarización cara a canais de venda ou workshops

#### Eixo 3. INSTRUMENTOS DE APOIO PARA A PROMOCIÓN E MELLORA DA COMERCIALIZACIÓN

A través deste eixo inclúense a realización de iniciativas que favorezan a mellora nos procesos de venda intermediada (grosistas, receptivos, retallistas e plataformas dixitais) e na comercialización directa, xa sexa como obxectivo principal ou mediante mecanismos que acheguen valor (segmentación, propostas de recursos diferenciais, etc.). Estrutúrase nas seguintes accións:



3.1 Análise, estudos e actividades de apoio, elaboración de materiais que contribúan á mellora da comercialización privada

3.2 Actividades de mellora na comercialización, fomento de clubs de produto turístico e outras accións que axuden na promoción turística

#### 4. COORDINACIÓN E DIRECCIÓN DE ACCIÓNS NO MARCO DO CONVENIO

- V. Que a Axencia de Turismo de Galicia, para fomentar a colaboración público privada na consecución destes fins comúns, considera conveniente colaborar co CTG, coa sinatura deste convenio, que permita a consecución dos obxectivos sinalados e continúe os resultados dos convenios asinados desde o ano 2019, o que redunda no desenvolvemento do sector turístico da nosa Comunidade Autónoma.

A través deste convenio de colaboración instruméntase a concesión directa dunha subvención ao abeiro do disposto nos artigos 19.4.c) e 26.2 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 36.c) e 40.1a) do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, concorrendo, polos motivos sinalados, razóns de interese público para o outorgamento da subvención. Así mesmo, polas razóns expostas no expoñendo anterior, ao ser o Clúster a única entidade en Galicia de tal natureza, que aglutina a toda a cadea de valor do turismo da nosa Comunidade autónoma, non procede a realización dunha convocatoria pública, para os efectos do devandito artigo 26.2.a).

Polo exposto a colaboración entre as partes responde ao interese común das mesmas, de continuar coa posta en valor da oferta turística da rexión que contribúa a un crecemento sostible do destino, motivo polo que a Axencia de Turismo de Galicia considera axeitado e necesario, por razóns de interese público, colaborar co Clúster para o desenvolvemento do programa antes referido, por ser a única entidade que representa a toda a cadea de valor do sector turístico de Galicia, e polo tanto a única entidade que pode desenvolver o seu obxecto e lograr acadar o seu obxectivo.

En consecuencia e, dado o interese coincidente da Axencia de Turismo de Galicia e do CTG, as partes acordan asinar este convenio de colaboración de acordo coas seguintes



## CLÁUSULAS

### PRIMEIRA.- OBXECTO E FIN

O obxecto do presente convenio é o outorgamento dunha subvención directa para sufragar os gastos derivados das actividades orientadas cara unha mellor chegada dos operadores turísticos a mercados nacionais e internacionais, as actividades que poidan servir de soporte a mellora da comercialización e todas aquelas actividades que sirvan para unha correcta execución do presente convenio.

Dita subvención busca como finalidade establecer entre a Axencia de Turismo de Galicia e o Clúster de Turismo de Galicia unha serie de liñas de acción e actuacións entre as que se encadran as seguintes medidas:

- Accións para traballar con mercados obxectivo: viaxes de familiarización, viaxes de prescrición, workshops, etc. que busquen un reforzamento da marca turística de Galicia e a mellora na súa comercialización.
- Organización e participación en feiras, congresos, exposicións, xornadas técnicas, encontros e seminarios de carácter turístico que impulsen a promoción e comercialización de Galicia como destino turístico.
- Proxectos de marketing tanto online como offline, que actúen como ferramenta de información, difusión e, por tanto, axuden na comercialización.
- Actuacións encamiñadas á definición, creación e/ou mellora da comercialización dos produtos turísticos de Galicia, en especial os definidos na Misión 1: Galicia, Destino auténtico e diferencial da Estratexia de Turismo de Galicia 2030.
- Publicacións e material promocional de apoio específico para á promoción e difusión do turismo de Galicia.
- Actuacións que permitan a mellora na comercialización ou un maior coñecemento do que acontece no mercado.
- Campañas de publicidade e plans de promoción.
- Outras actuacións que se atopen vinculadas a mellora da posición da marca Galicia como destino turístico, a promoción do mesmo, a conformación de produtos ou a mellora da comercialización.



**SEGUNDA.- ORZAMENTO E FINANCIAMENTO.**

1. O orzamento estimado para o desenvolvemento das actuacións obxecto deste convenio ascende a un millón e medio de euros (**1.500.000,00 euros, IVE incluído**), que se distribúen en tres anualidades de acordo co seguinte cadro:

| Liña   | Actuación   | 2025           | 2026           | 2027           |
|--|---|----------------|----------------|----------------|
| <b>1. MELLORA NA COMERCIALIZACIÓN E PROMOCIÓN DO TURISMO NACIONAL E DE PROXIMIDADE</b> |   | <b>180.000</b> | <b>180.000</b> | <b>180.000</b> |
|  | 1.1 Participación en feiras, congresos, e eventos cunha orientación marcadamente promocional de carácter nacional, autonómico ou local. Organización de viaxes de promoción.  | 90.000         | 90.000         | 90.000         |
|  | 1.2 Participación en actividades, reunións e encontros técnicos cun enfoque orientado a mellora da comercialización. Elaboración de análises, estudos e desenvolvemento de accións que permitan mellorar a comercialización turística. Organización de viaxes de familiarización cara a canais de venda ou workshops. | 90.000         | 90.000         | 90.000         |
| <b>2. MELLORA NA COMERCIALIZACIÓN E PROMOCIÓN DO TURISMO INTERNACIONAL</b>             |   | <b>180.000</b> | <b>180.000</b> | <b>180.000</b> |
|  | 2.1 Participación en feiras, congresos, e eventos cunha orientación marcadamente promocional de carácter internacional. Organización de viaxes de promoción.  | 90.000         | 90.000         | 90.000         |
|  | 2.2 Participación en actividades, reunións e encontros técnicos cun enfoque orientado a mellora da comercialización. Elaboración de análises, estudos e desenvolvemento de accións que permitan mellorar a comercialización turística. Organización de viaxes de familiarización cara a canais de venda ou workshops  | 90.000         | 90.000         | 90.000         |
| <b>3. INSTRUMENTOS DE APOIO PARA A PROMOCIÓN E MELLORA DA COMERCIALIZACIÓN</b>         |   | <b>90.000</b>  | <b>90.000</b>  | <b>90.000</b>  |
|  | 3.1 Análise, estudos e actividades de apoio, elaboración de materiais que contribúan á mellora da comercialización privada  | 40.000         | 40.000         | 40.000         |
|  | 3.2 Actividades de mellora na comercialización, fomento de clubs de produto turístico e outras accións que axuden na promoción turística  | 50.000         | 50.000         | 50.000         |
| <b>4. COORDINACIÓN E DIRECCIÓN DE ACCIÓNS NO MARCO DO CONVENIO</b>                     |   | <b>50.000</b>  | <b>50.000</b>  | <b>50.000</b>  |
|  | 4.1 Coordinación e dirección de accións no marco do presente Convenio   | 50.000         | 50.000         | 50.000         |
| <b>TOTAL</b>   |   | <b>500.000</b> | <b>500.000</b> | <b>500.000</b> |



As actuacións a realizar para as anualidades 2026 e 2027, en vista das realizadas na anualidade 2025, poderán ser concretadas, e no seu caso modificadas, pola comisión de seguimento e control establecida na cláusula décima deste convenio, sempre respectando o orzamento total establecido no cadro anterior para cada anualidade.

Os conceptos descritos neste cadro poderán sufrir variacións sempre que non se altere a contía total do convenio, que en todo caso terá carácter de máximo.

A Axencia de Turismo de Galicia achegará a cantidade de 500.000 euros (IVE incluído), en cada unha das anualidades 2025, 2026 e 2027, con cargo á aplicación orzamentaria 04.A2.761A.781.0 , proxecto 2015 00005 "Fomento do turismo".

A achega que fai a Axencia de Turismo de Galicia para posibilitar a realización das actuacións será dedicada aos gastos de actuacións obxecto do convenio, e **só cubrirá o custo de realización da actividade.**

### TERCEIRA.- GASTOS SUBVENCIONABLES

De acordo co previsto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, consideraranse subvencionables os gastos que, sen admitir dúbida, respondan á natureza da actividade subvencionada de acordo coa previsión de orzamento recollida na cláusula segunda e que se realicen a partir do **1 de xaneiro de 2025**. En ningún caso o custe de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

De conformidade co artigo 29.7 da Lei de subvencións de Galicia, os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistras e os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado e os de administración específicos son subvencionables se están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a adecuada preparación ou execución da mesma.

Para estes efectos, considerárase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do referido prazo de xustificación. Exceptúanse aqueles gastos cuxos pagamentos deban efectuarse nun momento posterior por axustarse aos calendarios de recadación, como os



ingresos a conta do IRPF ou cotas por seguros sociais liquidables con posterioridade á data de xustificación. O importe destes ingresos ou cotas considerarase xustificado coa presentación do documento de gasto (factura ou documento equivalente) en que se reflicta o importe de retención ou cotizacións devengadas na data de xustificación. O CTG quedará obrigado a presentar os documentos acreditativos da súa liquidación nos dez días seguintes ao remate dos prazos legalmente establecidos para o seu ingreso no período voluntario.

O importe correspondente ao IVE só poderá ser imputado ao convenio na contía que non sexa recuperada ou compensada polo CTG, o cal deberá ser acreditado por este coa xustificación do convenio.

#### **CUARTA.- COMPROMISOS DAS PARTES**

1. O **CTG** comprométese a realizar as seguintes actividades de conformidade co presente convenio:

- a. Desenvolver as actuacións recollidas nas cláusulas primeira e segunda deste convenio, e que constitúen o seu obxecto e xustificar a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención.
- b. - Incluir en toda a documentación e soportes específicos para o evento que se trata dunha actuación con financiamento da Xunta de Galicia a través da Axencia de Turismo de Galicia e incluír a marca turística de Galicia, de acordo co Decreto 121/2011, do 16 de xuño, polo que se aproba a marca turística de Galicia e se regula a súa utilización (DOG núm. 125, do 30 de xuño).
- c. Achegar a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de e control do destino do investimento.
- d. Comunicar a Axencia de Turismo de Galicia a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos recibidos. En todo caso, o conxunto das axudas non debe de superar o custe elixible.



- e. Presentar, antes da sinatura deste convenio, declaración responsable de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, así como unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 11 e 13 do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
- f. Subministrar á Axencia de Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Axencia de Turismo de Galicia, das obrigas previstas no Título I da citada lei.
- g. As demais obrigas previstas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

2. A **Axencia de Turismo de Galicia** comprométese a colaborar co CTG para a mellor consecución dos fins comúns deste convenio, e procederá ao pagamento dos gastos correspondentes a favor desa entidade, unha vez que esta achegue a documentación xustificativa establecida na cláusula sexta.

#### QUINTA.- COMPATIBILIDADE

De acordo co disposto no artigo 40.1, letra d) do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro, a achega económica prevista neste convenio será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou e organismos internacionais.

De conformidade co artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custe da actividade subvencionada.

#### SEXTA.- XUSTIFICACIÓN DE FONDOS E PAGAMENTOS

Os gastos deberán realizarse e ser efectivamente pagados antes do **10 de decembro** de cada ano natural de vixencia do presente convenio, a saber, 2025, 2026 e 2027.



No mesmo prazo o CTG deberá presentar ante a Axencia de Turismo de Galicia a solicitude de pago anual da parte comprometida por aquela e a xustificación que se efectuará segundo a modalidade de conta xustificativa con entrega de xustificantes de gasto, de acordo co previsto nos artigos 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o artigo 48 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, que conterá a seguinte documentación:

- a. Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento dos obxectivos do presente convenio, con indicación das actividades realizadas.
- b. Unha relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, coa identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, de ser o caso, data de pago. No caso de existir desviacións con respecto ao orzamento, indicaranse, e o seu motivo.
- c. As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación á que se fai referencia no apartado anterior.
- d. A documentación acreditativa do pago, mediante a presentación de transferencias bancarias, certificacións bancarias orixinais ou extractos de pagamento. Non se admitirán pagamentos en efectivo.
- e. Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiaran a actividade, con indicación do importe e a súa procedencia.
- f. No seu caso, os tres orzamentos previstos no artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- g. No seu caso, a carta de pago de reintegro nos supostos de remanentes non aplicados así como dos intereses derivados destes.

O CTG ademais deberá presentar:



-Unha declaración de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario ou entidade colaboradora recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia.

- Acreditar que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

- Detalle da documentación e soportes publicitarios nos que consten a colaboración de Turismo de Galicia e a marca turística de Galicia.

- Asemade deberá indicarse un número de conta para o ingreso dos fondos e xuntar unha declaración responsable da veracidade dos datos relativos á dita conta.

Á vista desta documentación, o órgano competente da Axencia de Turismo de Galicia, expedirá certificación acreditativa do cumprimento dos fins obxecto do convenio e tramitará o seu pagamento.

En todo caso, a cantidade máxima que se obriga a aportar a Axencia, reducirase na mesma proporción que represente a cantidade xustificada respecto do orzamento estimado establecido na cláusula segunda.

Cando as actuacións obxecto do convenio fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou doutras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas, de conformidade co establecido no artigo 28.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

No caso de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas CTG deberá reintegrar o exceso xunto cos xuros de demora, nos termos que establece o artigo 23 do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro.

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño e concordantes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.



## **SÉTIMA.- PAGAMENTOS ANTICIPADOS E PAGAMENTOS A CONTA**

Poderanse realizar pagamentos anticipados, que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actuacións obxecto deste convenio realizadas nas diferentes anualidades por un importe máximo do 50% de cada anualidade, de conformidade co disposto no artigo 63.1.Dous do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento da Lei de Subvencións de Galicia.

Así mesmo poderanse realizar pagos a conta. Os ditos pagamentos a conta poderán supoñer a realización de pagamentos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas. A suma dos pagamentos a conta máis os anticipos previstos no parágrafo anterior non serán superiores ao 80% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagos xustificados nin excederá da anualidade prevista en cada exercicio orzamentario.

Para proceder ao seu pagamento, CTG deberá enviar a documentación relacionada na cláusula sexta referida á xustificación. Os primeiros gastos xustificados servirán de xustificante do pagamento anticipado realizado. Unha vez xustificada a totalidade do anticipo, os seguintes gastos abonaranse mediante o sistema de pagamento a conta ata o límite do 80% referido.

Os pagos a conta e os pagos anticipados deberán estar garantidos de conformidade co establecido no artigo 67 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que aproba o Regulamento da Lei de Subvencións de Galicia. A garantía deberá cubrir o 110% do importe das contías pagadas a conta ou das cantidades anticipadas.

De conformidade co disposto no citado artigo 67.4 exímese ao CTG da obriga de constituír garantías, unha vez se autorice polo Consello da Xunta.

## **OITAVA.-SUBCONTRATACIÓN**

O CTG, como entidade executora das actuacións recollidas no presente convenio, co obxecto de garantir a adecuada execución das mesmas, comprométese a asumir a dirección das accións, debendo proceder en consecuencia, á asignación dos medios humanos e materiais que sexan necesarios e, no seu caso, á contratación de servizos necesarios para desenvolver as actuacións



previstas no presente convenio, podendo subcontratar totalmente as actividades previstas, e asumindo expresamente o contido dos límites e obrigas establecidos no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Os contratistas quedarán obrigados soamente ante CTG, que asumirá a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á administración. O CTG será o responsable de que na execución da actividade subvencionada concertada con terceiros se respecten os límites establecidos neste convenio en canto á natureza e contía dos gastos subvencionables e esixiranlles ás/aos contratistas os documentos acreditativos dos pagamentos correspondentes.

Os contratistas están obrigadas/os a facilitarlles aos organismos de auditoría e control toda a información necesaria relativa ás accións contratadas.

En ningún caso poderá concertar o beneficiario a execución total ou parcial das actividades subvencionadas con:

- a) Persoas ou entidades incursas nalguna das prohibicións do artigo 10 da Lei 9/2007.
- b) Persoas ou entidades que percibisen outras subvencións para a realización da actividade obxecto de contratación.
- c) Intermediarios ou asesores nos que os pagamentos se definan como unha porcentaxe de custo total da operación, agás que o dito pagamento estea xustificado con referencia ao valor de mercado do traballo realizado ou dos servizos prestados.
- d) Persoas ou entidades vinculadas co beneficiario, agás que a contratación se realice de acordo coas condicións normais de mercado e que se obteña a previa autorización de órgano concedente nos termos que se fixen nestas bases reguladoras.

## **NOVENA.- REINTEGRO DA SUBVENCIÓN**

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e concordantes do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.



No caso de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas, o Concello deberá reintegrar o exceso xunto cos xuros de demora, nos termos que establece o artigo 23 do citado Regulamento.

#### **DÉCIMA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO E CONTROL**

Constituirase unha Comisión de Seguimento e Control do presente convenio, formada por tres representantes da Axencia de Turismo de Galicia e tres do CTG, co obxecto de realizar un análise das actuacións do convenio e seguimento do cumprimento do mesmo e da súa execución.

Esta Comisión reunirse de xeito ordinario cada seis meses, e de xeito extraordinario cando o solicite algunha das partes.

A presidencia da Comisión será exercida polo director da Axencia de Turismo de Galicia, que terá voto de calidade.

A súa actuación axustarase ao establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

En relación á subvención concedida, a Axencia de Turismo de Galicia ostentará as prerrogativas de interpretación, modificación e resolución propias dos negocios xurídicos administrativos.

#### **DÉCIMO PRIMEIRA.- INEXISTENCIA DE RELACIÓN LABORAL**

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre a Axencia de Turismo de Galicia, e as persoas ou profesionais dependentes das entidades que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto do mesmo, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir responsabilidade algunha directa nin subsidiaria.



## **DÉCIMO SEGUNDA.- PUBLICIDADE E REXISTRO DO CONVENIO E AUTORIZACIÓN E CONSENTIMENTO PARA QUE SE PUBLIQUEN OS DATOS PERSOAIS E DEMAIS ESPECIFICACIÓNS QUE FIGURAN NO CONVENIO**

En cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeneral de subvencións comunicárase a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Axencia de Turismo de Galicia publicará o texto íntegro do convenio. A firma do convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade.

Así mesmo estarase ao disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre os deberes específicos de información sobre convenios.

Do mesmo xeito, procederáse á inscrición do convenio no Rexistro Público de Subvencións conforme ao establecido no artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo.

Coa sinatura do presente convenio as partes asinantes prestan o seu consentimento para incluír e facer públicos a través do Portal de Transparencia e Goberno Aberto e do rexistro regulado no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos de carácter persoal contidos no convenio.

## **DÉCIMO TERCEIRA.- RÉXIME XURÍDICO E XURISDICIÓN COMPETENTE**

Este convenio ten natureza administrativa e queda fóra do ámbito de aplicación da Lexislación de Contratos das Administracións Públicas, segundo a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público de conformidade co disposto no apartado segundo do seu artigo 6.2.

Seralle de aplicación o réxime determinado na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro polo que se aproba o seu Regulamento; os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeneral de subvencións e o Real Decreto 887/2006 que a desenvolve; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e a Lei 40/2015, do



1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e as demais normas en dereito administrativo aplicables ou, na súa falta, polas derivadas do dereito privado.

A Xurisdición Contencioso-Administrativa será a competente para resolver cuestións litixiosas que puidesen suscitarse entre partes no desenvolvemento do presente convenio, dada a natureza administrativa deste.

#### **DÉCIMO CUARTA.- MODIFICACIÓN E RESOLUCIÓN**

1. Calquera modificación do presente acordo deberá realizarse por escrito e por acordo de ambas as partes.

Respecto da subvención concedida pola Axencia de Turismo de Galicia, toda alteración das condicións tidas en conta para a súa concesión dará lugar á modificación do convenio, sendo de aplicación as previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no regulamento de dita lei.

De conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

2. Serán causas de resolución do convenio:

- O incumprimento do seu obxecto
- O incumprimento total ou parcial dalgunha das súas cláusulas
- O transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas
- O acordo unánime dos asinantes
- A decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio

#### **DÉCIMO QUINTA.- PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS**

1. Tratamento dos datos persoais das persoas asinantes deste convenio.



Os datos persoais dos asinantes deste convenio serán tratados por cada unha das partes co fin de xestionar a súa formalización e desenvolvemento, sendo imprescindible para iso que inclúan os seus datos identificativos, a representación da capacidade que ostenten, e a súa sinatura. A base lexitimadora do tratamento dos datos persoais dos asinantes é o cumprimento dunha misión realizada en interese público baseada na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e na necesidade de tratar os devanditos datos para a execución do convenio suscrito. Respecto dos datos persoais sobre os que a Axencia de Turismo de Galicia ostenta a condición de responsable do tratamento, as persoas interesadas poderán solicitar ante esta o acceso, rectificación e supresión, así como opoñerse ao seu tratamento a través da Sede Electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-dos-dereitos>. Contacto co/a delegado/a de protección de datos e información adicional en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>

En canto aos datos persoais sobre os que O Clúster Turismo de Galicia ostenta a condición de responsable do tratamento, as persoas interesadas poderán solicitar da devandita entidade o acceso, rectificación e supresión dos seus datos, así como opoñerse ao seu tratamento a través do enderezo sinalado no encabezamento do presente convenio.

Así mesmo, as partes garanten o cumprimento do deber de información previsto no artigo 13 do RXPDP respecto do persoal ao seu servizo, propio ou alleo, cuxos datos persoais sexan comunicados entre as partes para a execución dos seus compromisos.

## 2. Roles e responsabilidades na protección de datos persoais.

A Axencia de Turismo de Galicia ostentará a condición de responsable do tratamento dos datos persoais recadados para a xestión e tramitación da subvención obxecto do presente convenio, así como daqueles datos persoais aportados pola entidade beneficiaria para a xustificación da devandita subvención. A base lexitimadora para o tratamento destes datos será o cumprimento dunha misión realizada en interese público e o cumprimento dunha obriga legal (Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia). Así mesmo, os datos poderán ser comunicados, cando sexa estritamente necesario, a outras Administracións públicas con competencia na materia segundo o



especificado no presente convenio. As persoas interesadas poderán solicitar, ante o responsable do tratamento o acceso, rectificación, limitación e supresión dos seus datos, así como opoñerse ao seu tratamento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/es/exercicio-de-dereitos>. Contacto co/a delegado/a de protección de datos e información adicional en <https://www.xunta.gal/es/informacion-xeral-proteccion-datos>.

O CTG comprométese a informar dos extremos anteriores ás persoas cuxos datos achegue á Axencia de Turismo de Galicia para dar cumprimento as referidas finalidades.

As partes asinantes responsabilizaranse de que calquera tratamento de datos persoais que puideran levarse a cabo en virtude do mesmo se realice con absoluto respecto ás normas de seguridade e de conformidade co establecido no Regulamento 2016/679 (UE) Xeral de Protección de datos (en adiante, RXPD), na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (en adiante, LOPDGDD) e demais normativa concordante.

## **DÉCIMO SEXTA.- NOTIFICACIÓN ELECTRÓNICA**

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.



## DÉCIMO SÉTIMA.- VIXENCIA

O presente convenio entrará en vigor na data da súa sinatura, e manterá a súa vixencia ata a completa organización e finalización das actividades e a liquidación das obrigas resultantes, rematando en todo caso o 31 de decembro de 2027.

En proba da súa conformidade, as partes asinan este convenio, por duplicado exemplar e a un só efecto, no lugar e data expresados no encabezamento.

Pola Axencia de Turismo de Galicia

Polo CTG

O director

O presidente

José Manuel Merelles Remy

Cesáreo González Pardal

